

Poema escrito por:

Bruno Richartz López, IES Sanxillao, 1º ESO D

Alborada galega

A alborada chega calma a Galicia,
o ceo vístese dun azul lixeiro.
As aves cantan con moita ledicia
e esperta o día no país enteiro.

A herba brilla toda chea de orballo,
parece prata posta no prado.
O vento suave percorre o val
e todo soa tranquilo e pausado.

Os muiños xiran ao pé do camiño
e o pinal murmura coa brisiña.
Lonxe escóitase tocar un gaiteiro
unha peza alegre desde a casiña.

Así Galicia ergue a súa mañá,
toda envolta nunha luz dourada.
Cada amencer que aquí brilará
fai que a terra pareza encantada.